

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

CALIDADE DE VIDA NO DOMICILIO. PROGRAMA DE ATENCIÓN DOMICILIARIA A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NOS ESPAZOS DE CONVIVENCIA E COMUNITARIOS DE PROXIMIDADE.

Entidade executante

Fundación Lar pro saúde Mental Vilagarcía (<https://larprosaludmental.com/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos de Valga, Vilagarcía de Arousa, Cuntis, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Meaño, Cambados e O Grove.

Persoas destinatarias

Persoas con TMG que vivan solas e/ou en zonas rurais.

Persoas con TMG que teñan ó seu cargo fillos ou familiares.

Persoas que padecen un TMG non vinculadas á rede sanitaria.

Persoas con TMG agravado pola situación da COVID-19.

Familias en risco que conviven con unha persoa con TMG.

No 2020 atendéronse 30 persoas.

Obxectivos

Xeral:

Favorecer a permanencia das persoas con Trastorno Mental Grave no seu entorno habitual, promovendo a autonomía e calidade de vida.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

Específicos:

Proporcionar coñecementos sobre saúde mental as persoas que padecen un TMG e as súas familias, no entorno habitual.

Favorecer a adherencia o tratamento farmacolóxico e psicoterapéutico das persoas que padecen un TMG.

Proporcionar estratexias de afrontamento, resolución e mediación de conflitos a persoas que padecen un TMGP e as súas familias.

Previr recaídas e condutas de risco asociadas o TMG e a COVID-19. Implicar a persoa que padece un TMG e a súa familia no proceso de rehabilitación.

Favorecer a atención as persoas que presentan un TMGP máis vulnerables: persoas que viven solas, no rural, mulleres.

Mellorar a colaboración con as distintas entidades sociais, sanitarias e administrativas relacionadas con a atención as persoas con TMGP.

Metodoloxía

a) **Fase de detección:** iniciase no momento no que se recibe a demanda de atención domiciliaria. A dita demanda pode ser realizada pola persoa interesada, súa familia, os servizos sanitarios ou os servizos sociais, entre outros.

b) **Fase de valoración:** o equipo técnico realiza unha valoración funcional do desempeño psicosocial da persoa demandante para determinar a idoneidade da súa inclusión no programa. Para elo, realiza unha entrevista de avaliación e recollese información das visitas domiciliarias e dos informes que a persoa poida achegar.

c) **Fase de intervención e execución do programa:** En base á información recollida establécense os obxectivos terapéuticos e a temporalización das accións. Iníciase as intervencións dirixidas á consecución dos obxectivos: psicoeducación, habilidades sociais, habilidades da vida diaria, intervención familiar, apoios comunitarios, etc. As accións levadas a cabo implican tanto a persoa con TMG como a súa familia e entorno.

d) **Fase de avaliación:** Por último, avalíase a consecución dos obxectivos en función aos indicadores establecidos.